

CERTIFICACIÓN

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria xeral do Concello de Ames (A Coruña)

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 11 de abril de 2024, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

PUNTO TERCEIRO. APROBACIÓN DAS BASES E DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA PROMOCIÓN DO COMERCIO NO CONCELLO DE AMES 2024. EXPEDIENTE GD 5790/2024

Esta subvención está recollida no Plan estratéxico de subvencións do Concello de Ames, 2023-2025, aprobado en sesión plenaria do 23.02.2023, e modificado en sesión plenaria do 11.05.2023.

Figura no expediente informe proposta subscrito pola concelleira de Promoción económica, Ana Belén Paz García, e o axente de emprego e desenvolvemento local, Jorge Couñago Castro, de data 09.04.2024.

Figura no expediente informe favorable da Secretaría Xeral e informe de fiscalización tamén favorable da Intervención municipal (informe 154/2024 do 09.04.2024)

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 1983/2023, BOP nº 120 do 26.06.2023), adopta os seguintes acordos:

Primero. *Aprobar a convocatoria de subvencións para a promoción do comercio no Concello de Ames, anualidade 2024.*

Segundo. *Aprobar as bases reguladoras da convocatoria, que figuran como Anexo I deste acordo.*

Terceiro. *Aprobar o gasto por importe de 40.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 4314.47904 do orzamento municipal vixente.*

Cuarto. *Publicar o presente acordo seguindo o procedemento establecido no artigo 20.8 da Lei Xeral de Subvencións, a través do envío do estrato da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións quen o remitirá ao BOP. As bases se publicarán integramente na páxina web do Concello de Ames. O prazo para a presentación das solicitudes será de 15 días naturais desde a publicación do estrato da convocatoria no BOP.*

Quinto. *Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.*

Sexto. *Facultar ó alcalde do Concello de Ames, para cantas actuacións sexan necesarias para a mellor execución do acordado.*

ANEXO

BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA PROMOCIÓN DO COMERCIO NO CONCELLO DE AMES. EXERCICIO 2024

Datos do programa:

Concellaría	Promoción Económica
Anualidade	2024
Denominación	Subvencións destinadas a promover actividades desenvoltas no período comprendido entre o 01 de novembro de 2023 ao 31 de outubro de 2024 polas asociacións de empresarios e de comerciantes existentes no concello de Ames, que estean legalmente constituídas e que figuren inscritas no rexistro de asociacións
Beneficiarios	Asociacións de comerciantes e profesionais existentes no Concello de Ames, legalmente constituídas, e que figuren inscritas no rexistro municipal de asociacións
Aplicación orzamentaria	4314.47904
Importe da convocatoria	40.000,00 € Promoción Comercial: Orzamento máximo de 35.000€ Infraestruturas e equipamento: Orzamento máximo de 5.000€.
Importe da subvención que se vai conceder	Máximo do 80%do orzamento declarado.
Coeficiente de financiamento	Máximo do 80%

BASE 1.- OBXECTO.

Conforme ao disposto na Lei 7/1985, de bases de réxime local, na Lei 5/1997, da Administración local de Galicia, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei, así como no Regulamento de servizos das corporacións locais, coa finalidade de poder asignar os recursos necesarios ás prioridades sinaladas.

Esta convocatoria ten por obxecto establecer, de acordo cos principios de obxectividade, concorrência e publicidade, os criterios e procedementos para a concesión de subvencións destinadas a promover actividades desenvoltas no período comprendido entre o 01 de novembro de 2023 ao 31 de outubro de 2024 polas asociacións de empresarios e de comerciantes existentes no concello de Ames, que estean legalmente constituídas e que figuren inscritas no rexistro de asociacións.

1.1.- Obxectivos estratéxicos, ou de primeiro nivel.

A concellaría de Comercio, innovación e emprego mediante a presente convocatoria, propónse a consecución dos seguintes obxectivos estratéxicos:

1. Achegar ao comercio Amesán o maior número posible de clientes, empregando para elo ós colectivos como instrumento para acadar este fin.
2. Mellorar a calidade da actividade comercial do Concello.
3. A existencia dunha actividade estable de promoción e mellora do comercio dentro do ámbito territorial do Concello, programada e desenvolta polas entidades asociativas do sector, e na que a administración municipal represente un papel secundario, tanto na elección do tipo de actividades a desenvolver, como na súa posta en práctica e no seu financiamento.

1.2.- Obxectivos instrumentais, ou de segundo nivel.

Para a consecución dos obxectivos estratéxicos, establécense as seguintes liñas de actuación, ou obxectivos secundarios:

1. Primar actividades abertas á participación do comercio en xeral, e non só aos membros de cada un dos

solicitantes.

2. Acadar o autofinanciamento das entidades, primando a aquelas que acheguen unha maior porcentaxe de fondos propios ao desenvolvemento das actividades.

BASE 2.- RÉXIME XURÍDICO

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas polo Concello de Ames está constituído polas leis e disposicións que se citan a continuación e polas súas normas de desenvolvemento, así como por cantas outras normas, legais ou regulamentarias, que conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de produciren efectos no devandito ámbito:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Regulamento (UE) nº 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis.
- Bases de execución do orzamento vixente do Concello de Ames.
- Ordenanza de impulso do uso do galego no Concello de Ames do 1 de xullo de 2006, BOP núm. 198 do 29 de agosto de 2006.

BASE 3.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN

Poderán ser subvencionados ata un máximo do 80%, os seguintes grupos de actividades:

1. Promoción Comercial: Orzamento máximo de 35.000€

Subvencionaranse as accións e proxectos destinados á comunicación comercial de distinta índole sobre o mercado: Publicidade, promoción de vendas, animación comercial, celebración de exposicións, congresos e aquelas actividades destinadas a promoción de produtos comercializados polas empresas que desempeñan a súa actividade comercial no Concello de Ames, así como gastos de contratación de persoal destinado a promover accións de promoción económica dentro do ámbito dos seus asociados.

2. Infraestruturas e equipamento: Orzamento máximo de 5.000€.

Subvencionarase a infraestrutura e equipamento das asociacións (mellora de instalacións, adquisición de material mobiliario ou material funxible, software propio ou páxina web, etc..).

Así mesmo, considéranse incluídos nesta liña de actuación, os gastos de funcionamento da asociación, entendéndose como tales tan só os gastos de aluguer de locais e xestoría. Non se inclúen os gastos de mantemento ordinario, tales como teléfono, luz e auga, limpeza, nin a adquisición de bens inmoables.

Non se subvencionarán aquelas actividades que teñan como único ou principal obxectivo a celebración dunha comida entre os membros da asociación, sen considerar como tales as festas de exaltación gastronómica.

Non se subvencionarán as viaxes que non acrediten suficientemente o seu carácter eminentemente de promoción comercial.

Os gastos para os que se solicite a subvención municipal deberán ter sido efectuados no período comprendido entre

o 1 de novembro de 2023 e o 31 de outubro de 2024.

Os gastos subvencionados deberán ser destinados a labores propias da asociación e dos establecementos asociados.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo a contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán aportarse na xustificación ou, no seu caso, na solicitude de subvención, realizarase conforme aos criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta de mais económica.

BASE 4.- FINANCIAMENTO

A contía máxima destinada a esta convocatoria ascende a 40.000 euros, imputables á aplicación orzamentaria 4314.47904 do orzamento municipal en vigor, distribuído do seguinte xeito:

1. Promoción Comercial: Orzamento máximo de 35.000€
2. Infraestruturas e equipamento: Orzamento máximo de 5.000€.

BASE 5.- BENEFICIARIOS

Poderán optar a estas subvencións as asociacións de comerciantes e profesionais existentes no Concello de Ames, legalmente constituídas, e que figuren inscritas no rexistro municipal de asociacións, sempre e cando os datos da inscrición estean debidamente actualizados no momento de solicitar a subvención.

5.1. Requisitos xerais

Os beneficiarios/as de subvencións convocadas polo Concello de Ames deberán cumprir en todo caso os seguintes requisitos:

- a) Non estar incurso/a en ningún dos supostos aos que se refiren os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2033, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- b) Estar ao corrente das obrigas coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Ames.
- c) Non ter pendente a xustificación dalgunha subvención anterior, a non ser que lles fose concedida unha prórroga.

5.2. Requisitos específicos da convocatoria

Poderán ser beneficiarios/as das subvencións obxecto da presente convocatoria as asociacións de comerciantes e profesionais do concello de Ames que cumpran os seguintes requisitos específicos

- a) Estar legalmente constituídas
- b) Realizar actividades de índole cultural no Concello de Ames
- c) Figurar inscritas no rexistro municipal de asociacións.

Será requisito indispensable que os datos da inscrición da asociación estean debidamente actualizados no momento de solicitar a subvención.

BASE 6.- GASTOS SUBVENCIONABLES E ÁMBITO TEMPORAL

Os gastos para os que se solicite a subvención municipal deberán executarse entre o 1 de novembro de 2023 e o 31 de outubro de 2024.

BASE 7.- COMPATIBILIDADES E EXCLUSIÓN

As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter as entidades beneficiarias doutras administracións públicas, sempre e cando o importe total do conxunto das axudas non supere o custo da actividade ou o investimento subvencionado.

Sen prexuízo do anterior, as actividades para as que se solicite esta subvención non poderán acollerse a outras convocatorias do Concello de Ames.

DATA DE SINATURA: 11/04/2024
HASH DO CERTIFICADO: 94794F58078E1G456C0177DD6EC026B3B160625F
2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF01010C732

POSTO DE TRABAJO:
Secretaría
Alcalde

NOME: PRADA QUEIPO, ROSA ANA
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2899BDDBB187D2E4B87

BASE 8.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

8.1. Publicidade da convocatoria

O extracto da convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña previa remisión do mesmo á Base de Datos Nacional de Subvencións, de conformidade co establecido nos artigos 17.3.b e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro Xeral de Subvencións.

As bases xunto coa convocatoria desta subvención publicaranse na páxina web do Concello de Ames e remitiranse tamén á Base de Datos Nacional de Subvencións.

8.2.- Lugar de presentación.

De acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as persoas xurídicas están obrigadas a relacionarse coas administracións públicas a través de medios electrónicos.

As solicitudes, xunto co resto da documentación, presentarase na sede electrónica do Concello de Ames (<https://sede.concellodeames.gal/GDCarpetaCiudadano/welcome.do>) mediante os modelos normalizados que se inclúen como anexos á presente convocatoria.

Igualmente poderá presentarse no Rexistro electrónico do Punto de Acceso Xeral do Estado (REC), ao que poderá acceder desde o enlace dispoñible na sede electrónica do Concello de Ames .

Se algunha das entidades presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

8.3.- Prazo de presentación.

O prazo para presentar as solicitudes é de un mes dende a publicación do extracto da convocatoria no Boletín oficial da provincia.

8.4.- Documentación integrante das solicitudes.

As solicitudes deberán achegarse nos modelos normalizados que figuran como anexos ás presentes bases:

Anexo 1 xunto coa seguinte documentación:	a) Certificación bancaria da conta na que teñan que ingresar a subvención. b) Orixinal ou copia compulsada do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social. c) Relación detallada e numerada de facturas, facturas proforma ou orzamentos, separada por finalidade e ordenada por orde cronolóxico. Con identificación do acredor, o concepto, o importe e a data de emisión, diferenciando si se presenta para a liña de promoción comercial ou de infraestrutura e equipamento. Non se consideraran como validas a factura, orzamento ou factura proforma para unha liña que non corresponda. d) Memorias descritivas numeradas e divididas por liña de actuación subvencionable. Presentarase unha memoria descritiva por cada unha das accións elaboradas en cada liña de actuación, que deberá incluír os orzamentos que se corresponden coa acción, a publicidade da acción e a descrición da actividade. Indicando cantas asociacións participan na actividade. e) Xustificación dos recibos da cota dos socios da asociación. No caso de non aportar documentos probatorios dos recibos da cota de socios, valorarase con 0 puntos este apartado. Ademais do anteriormente sinalado, deberase aportar táboa co nome e CIF de cada un dos socios. No caso de que a subvención se solicite para a execución de obras, deberá aportarse, adicionalmente, a seguinte documentación: • En todos os casos: Acreditación da titularidade do inmovible sobre o que se efectúan as obras. • En caso de obras menores: ◆ Plano de situación das obras, no que estas queden definidas.
--	---

DATA DE SINATURA: 11/04/2024
HASH DO CERTIFICADO: 94794F58078E16456C017DD6EC026B3B160625F2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF01010C732

POSTO DE TRABAJO: Secretaría
Alcalde

NOME: PRADA QUEIPO, ROSA ANA
GARCIA PIÑERO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2899BDDBB187D2E4B87

	◆ <i>Descrición valorada.</i> • <i>En caso de obras maiores</i> ◆ <i>Proxecto asinado por técnico competente, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos</i>
Anexo 2	DECLARACIÓN RESPONSABLE DO/A PRESIDENTE DA ENTIDADE.

As solicitudes das asociacións deberá presentalas o/a presidente e a persoa que ocupe este cargo deberá constar como tal no Rexistro Municipal e Asociacións ao momento de formular a solicitude.

Deberá presentarse solicitude para cada ocasión ou exercicio no que se pretenda obter unha axuda. O feito de presentar unha solicitude para un exercicio non implicará que se considere presentada para exercicios posteriores.

BASE 9.- COMPROMISOS E OBRIGAS DOS/DAS BENEFICIARIOS/AS

9.1. Compromisos e obrigas xerais

As entidades beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria estarán obrigadas a:

- a) Cumprir a finalidade e os obxectivos, executar o proxecto, realizar a/as actividade/s ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Empregar os fondos percibidos nos fins e na finalidade para a que foron outorgados.
- c) Xustificar debidamente a cantidade percibida.
- d) Comunicar por escrito e motivadamente no prazo máximo dun mes desde a notificación /publicación da concesión da subvención calquera modificación dos datos identificativos do proxecto ou dos aspectos substanciais dos obxectivos do mesmo, para a súa aprobación.
- e) Proporcionar ao servizo xestor e instrutor do expediente a información funcional, económica e estatística que se lle requira a efectos do seguimento, avaliación e planificación, así coma facilitar a realización de cantas visitas de recoñecemento se consideren necesarias.
- f) Facilitar a verificación da realización e xestión do proxecto, actuación ou actividade obxecto de subvención a calquera responsable da xestión e/ou instrución do procedemento a través dos medios que se consideren máis axeitados.
- g) Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración Pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades ou proxectos subvencionados. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se teña coñecemento de ditas circunstancias e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- i) Reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.
- j) Empregar no exercicio das súas actividades unha linguaxe non sexista, unha comunicación inclusiva e non empregar a imaxe das mulleres como reclamo ou con connotacións de tipo sexual ou denigratorio, segundo o que dispón o Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia sobre Igualdade.
- k) Cando as actividades afecten a menores de idade o persoal ao que corresponda a realización das mesmas cumprirá o requisito previsto no artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia.

9.2. Compromisos e obrigas específicos desta convocatoria

- a) Difusión do carácter público do financiamento. Os beneficiarios deberá dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, unha vez comunicada a resolución da concesión conforme ao establecido na Lei Xeral de Subvencións.

As medidas de difusión poderán consistir na inclusión da imaxe institucional do Concello, así como lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

Cando o programa, actividade, investimento ou actuación gozase doutras fontes de financiamento e o beneficiario viñese obrigado a dar publicidade desta circunstancia, os medios de difusión da subvención concedida, así como a súa relevancia, deberán ser análogos aos empregados respecto das outras fontes de financiamento.

En particular deberá figurar o imaxe institucional do Concello nos carteis que anuncien as campañas subvencionables, así como en calquera outro material publicitario que se empregue para a difusión das campañas subvencionables.

BASE 10.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

A concesión da subvención realizarase en réxime de concorrència competitiva.

10.1. Instrución

1.A instrución do procedemento de concesión das subvencións corresponde á Concellaría delegada en materia de Promoción Económica, que terá o carácter de órgano instructor aos efectos indicados na normativa reguladora das subvencións públicas.

2. O órgano instructor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

3. De conformidade co disposto no artigo 24.3 da Lei Xeral de Subvencións, as actividades de instrución comprenderán as que se indican a continuación:

- *Petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos por esta convocatoria específica e as demais normas que regulan esta subvención.*
- *Avaliación das solicitudes ou peticións, efectuadas de conformidade cos criterios, formas e prioridades de valoración establecidos en esta base.*

4. Se a solicitude de subvención non reúne os requisitos establecidos por esta convocatoria, incluído o defecto, erro ou ausencia nos datos da solicitude e/ou na documentación presentada, o órgano instructor requirirá ao interesado para que emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, no prazo máximo de 10 días hábiles, indicándolle que se non o fixera se lle terá por desistido da súa solicitude, previa resolucións que deberá ser ditadas nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, poderase requirir á entidade ou agrupación solicitante que achegue a información e documentación aclaratoria e complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación e comprobación da solicitude presentada.

5. O órgano instructor deberá emitir informe no que conste que da información que obra no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións reguladas nesta convocatoria.

6. O órgano instructor, á vista do expediente e do informe da Comisión Avaliadora, formulará a proposta de resolución debidamente motivada.

10.2. Comisión avaliadora

A comisión avaliadora estará composta polos seguintes membros:

Presidente	- O Alcalde
Vogais	• O/A Concelleiro/a delegado/a da área • O/A técnico/a de promoción económica, que actuará igualmente como secretario/a da comisión.

A Comisión Avaliadora deberá facer unha valoración e asignación de puntos a cada solicitude presentada, aplicando os criterios de valoración establecidos no apartado seguinte

10.3 Criterios de valoración das solicitudes

A selección das peticións e a contía das subvencións a conceder determinarase despois da consideración das actividades e investimentos a realizar, de acordo en todo caso co seguinte baremo por cada unha das finalidades propostas:

Criterios	Descrición	Puntuación máxima
1	Número de socios activos da entidade.	30 puntos
2	Orzamento total do grupo de actividade.	30 puntos
3	Promoción da lingua galega.	15 puntos
4	Adhesión ao Sistema de Arbitraje de Consumo de Galicia.	5 puntos
5	Realización de actividades por unha soa asociación en mais de un núcleo poboacional (Bertamiráns e Milladoiro)	20 puntos
---	TOTAL	100 PUNTOS

En relación aos criterios 1 e 2 anteriores, os puntos serán asignados de acordo coa seguinte táboa:

Criterio 1		Criterio 2	
Nº socios activos	Puntos	Orzamento declarado	Puntos
Máis de 120	30	30.000 ou máis	30
De 111 a 120	25	Entre 20.000 € e 29.999,99 €	25
De 91 a 110	20	Entre 10.000 € e 19.999,99 €	20
De 71 a 90	15	Entre 5.000 € e 9.999,99 €	15
De 25 a 70	10	Entre 2.500 € e 4.999,99 €	10
De 10 a 24	5	2.499,99 € ou menos	5

En relación ao criterio nº 3, asignaranse 15 puntos a todas as entidades que acrediten o emprego do galego no desenvolvemento da súa actividade.

En relación ao criterio nº 4, asignarase 5 puntos as asociacións que declaren que están adheridas ao Sistema Arbitral de Consumo, dependente do Instituto Galego de Consumo e pertencente á Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

En relación ao criterio nº 5, asignaranse 20 puntos ás asociacións que declaren ter realizado actividades obxecto de subvención en máis dun núcleo poboacional (Bertamiráns e Milladoiro).

10.4 Determinación do importe da subvención concedida

Co fin de facilitar a conversión da puntuación obtida na contía final da subvención, adoptaranse como referencia os seguintes valores:

Puntuación obtida	Coefficiente de financiamento da subvención concedida respecto do gasto declarado polo/a solicitante.
De 71 a 100 puntos	80,00%
De 61 a 70 puntos	60,00%
De 51 a 60 puntos	50,00%
De 41 a 50 puntos	40,00%
De 31 a 40 puntos	30,00%
De 11 a 30 puntos	20,00%

De 0 a 10 puntos	0,00%
------------------	-------

Defínese o coeficiente de financiamento como o cociente existente entre a subvención concedida e o orzamento subvencionado ata un máximo do 80%.

Enténdese por orzamento subvencionado o gasto total ao que ascenda a actividade para a que se pretenda a subvención segundo conste na solicitude formulada polo/a interesado/a.

En caso de que a suma das subvencións distribuídas de acordo co indicado neste punto supere o orzamento máximo da convocatoria que se sinala na base 3ª, todas as subvencións determinadas segundo o anterior reparto experimentarán a correspondente redución proporcional, ata axustárense a dito importe máximo.

En caso de que suceda o contrario, e que tras efectuar o reparto derivado da conversión anterior exista un remanente na convocatoria, este destinarase a incrementar proporcionalmente o importe das subvencións asignadas no primeiro reparto, ate que algunha das solicitudes acade un coeficiente de financiamento do 80 %.

A contía da subvención non poderá superar, en ningún caso:

- 1.O importe solicitado
2. O 80 % do orzamento declarado
3. O importe máximo sinalado para cada un dos grupos de actividades sinalado na base 3.

A suma das subvencións concedidas en ningún caso poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións públicas e/ou entidades privadas, supere o custo da actividade ou o investimento feito polo beneficiario.

10.5. Resolución

Logo da preceptiva fiscalización do órgano interventor sobre a proposta realizada polo servizo instructor, a Alcaldía ou o órgano a favor do cal a Alcaldía efectuase a correspondente delegación, ditará resolución definitiva.

A resolución de concesión deberá conter a relación das solicitudes estimadas, desestimadas, desistidas e non admitidas a trámite.

As resolucións que estimen as solicitudes expresarán en relación con cada unha delas o obxecto da subvención outorgada, a contía concedida, o coeficiente de financiamento correspondente e o orzamento subvencionado. As que desestimen as solicitudes ou as inadmitan a trámite motivarán debidamente esta circunstancia.

A falta de resolución expresa en prazo implicará a desestimación da solicitude de subvención, sen prexuízo do indicado no artigo 24 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

10.6 Prazo de resolución e notificación

A súa resolución notificaráselle a todos os solicitantes no prazo máximo de DOUS MESES desde o remate do prazo de presentación de solicitudes, expresando, de xeito motivado, se foi desestimada ou estimada a solicitude, para os efectos de posibles recursos.

A notificación efectuarase nos termos establecidos no artigo 42 da lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

10.7 Recursos

A resolución ditada porá fin á vía administrativa e contra a mesma caberá interpor ben recurso contencioso-administrativo, ou ben, potestativamente e con carácter previo a este, recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou. A presentación do recurso de reposición poderá efectuarse no prazo sinalado no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (un mes desde a notificación da resolución de concesión da subvención). A interposición do recurso contencioso administrativo poderá efectuarse no prazo indicado no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-administrativa (dous meses desde a notificación da resolución de concesión da subvención).

10.8. Aceptación ou renuncia á subvención

No prazo de DEZ (10) DIAS NATURAIS seguintes ao da notificación da resolución, os/as beneficiarios/as das subvencións deberán comunicarlle ao Concello de Ames, por escrito, a aceptación ou renuncia á mesma. Se transcorrido ese prazo non se fixese manifestación expresa en ningún sentido, entenderase tacitamente aceptada a subvención concedida.

BASE 11.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

11.1. Importe a xustificar

O importe a xustificar será igual ao do proxecto presentado para a actividade subvencionada.

11.2. Prazo de xustificación

O prazo de xustificación finalizará 30 de novembro de 2024, agás que se conceda unha prórroga, a instancia de parte.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas cando se acceda ao seu contido. Entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición sen que se acceda ao seu contido, cos efectos previsto no artigo 41.5 da Lei 39/2015.

Este prazo poderá ser ampliado 15 días naturais, como máximo, esta ampliación poderá ser realizada pola persoa interesada, e realizada durante o prazo de xustificación. Ou tras a proposta razoada da unidade xestora.

11.3. Documentación xustificativa

A obriga de xustificar a subvención concedida deberá cumprirse mediante a presentación da correspondente MEMORIA XUSTIFICATIVA, de acordo co modelo que se recolle como Anexo 3 destas bases, á que se engadirá a seguinte documentación:

a) Memoria descritiva numerada e dividida por liña de actuación subvencionable, de cada unha das accións elaboradas, que deberá incluír as facturas que se corresponden coa acción, a publicidade da acción e a descrición da actividade. Indicando cantas asociacións participan na actividade, indicando o cumprimento das condicións impostas nestas bases así como, se é o caso, na concesión da subvención (licenzas ou autorizacións preceptivas, realización dos gastos de acordo ás normas contractuais de aplicación), con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b) Relación clasificada de gastos con identificación do acredor, o concepto de gasto, o seu importe, nº de factura, data de emisión e data de pagamento. Deberán achegarse os orixinais das facturas ou xustificantes do gasto que deberán ir acompañados da documentación acreditativa do pago. No xustificante bancario deberá constar, ademais do emisor e receptor do pagamento, o número de factura obxecto do pagamento e a data do mesmo.

Para os efectos do indicado no artigo 31 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, considerarase gasto efectivamente realizado o documentado segundo o indicado no parágrafo anterior.

Non é requisito necesario o seu aboamento con anterioridade á finalización dos períodos de xustificación que se indica nesta base.

Os beneficiarios das subvencións deben utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiros que poidan acreditarse documentalmente (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias,...) e só excepcionalmente poderán utilizar o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa (peaxe de autoestrada, tiques de aparcamento, etc.), e en todo caso para gastos non superiores a 150 €.

Para facilitar o control da concorrência de outras subvencións outorgadas coa mesma finalidade as facturas e demais xustificantes de gasto que se presenten deben ser orixinais. Estes documentos estampilharanse polo beneficiario antes da súa presentación electrónica coa seguinte mención "factura emprega-da para xustificar unha subvención ante o Concello de Ames na convocatoria de axudas para promoción do comercio 2024" indicando o importe afectado pola subvención. Non se aceptarán aqueles documentos xustificativos do gasto nos que non conste a estampa correspondente.

c) En caso de que as actividades subvencionadas se efectuasen a través de persoal contratado para tal efecto:

- Contratos de traballo.
- Nóminas aboadas e dos boletíns de cotización á seguridade social.
- Declaración IRPF presentadas para aqueles gastos aos que se lle aplicase retención.

d) Carteis e/ou dos folletos informativos que se utilizaran para publicitar a actividade.

Para os efectos da xustificación documental, con carácter xeral presentaranse copia dixitalizada dos documentos.

Con independencia dos libros e rexistros contables que as normas de carácter xeral poidan establecer aos beneficiarios/as de subvencións como consecuencia da súa forma xurídica (Asociación, Fundación, Federación, etc) estes deberán contar en todo caso, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagos que inclúa debidamente identificados, entre outros, os relativos á actividade ou material obxecto de financiamento polo Concello de Ames, que terá os

efectos previstos no artigo 17.3. h) da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 11.f) e g) da Lei de subvencións de Galicia.

A documentación relativa á xustificación presentárase no rexistro electrónico do concello, o representante ou presidente da entidade responsabilízase de que todos os documentos que se axunten na sede electrónica son orixinais.

a) **Sistema Arbitral de Consumo.**

Para acreditar a adhesión ao Sistema Arbitral de Consumo por parte da asociación, será necesario presentar orixinal ou copia cotexada da solicitude ou da resolución emitida polo órgano competente, ou declaración responsable da adhesión ao sistema arbitral de consumo asinada polo presidente da asociación (Anexo II).

b) **Axudas doutras administracións públicas ou privadas.**

Aos efectos de xustificar as axudas doutras administracións públicas ou privadas, deberáse aportar orixinal ou copia compulsada da resolución de concesión, onde se indique de forma inequívoca a finalidade, o importe subvencionable e a subvención outorgada.

11.4. Tramitación da xustificación

Para os efectos de xustificar os gastos e coa finalidade de exceptuar o art. 31.2 da Lei xeral de subvencións, entenderase que o gasto está realizado coa achega da documentación sinalada no apartado anterior.

Á vista da documentación xustificativa presentada e logo do informe previo da unidade xestora acreditativo de que da información que consta no seu poder se deriva que os beneficiario/as achegaron a totalidade de documentación xustificativa esixida e despois da súa fiscalización, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados.

Se a documentación é correcta, procederase á aprobación da xustificación e ao pagamento da subvención.

En caso de que a documentación xustificativa fora incorrecta ou insuficiente, o órgano xestor formulará o correspondente requirimento, con advertencia de que de non proceder á emenda das eivas advertidas no prazo de dez días hábiles, consideraráselle desistido do procedemento, ditándose a resolución de perda do dereito ao cobro, que será notificada ao/á interesado/a.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención e o seu pagamento, terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifique gasto por un importe igual ou superior ao orzamento subvencionado (é dicir, ao gasto declarado polo beneficiario na súa solicitude de subvención), aboarase a totalidade da subvención.
- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100%, pero superior ao 50% do orzamento subvencionado, aboásese a parte proporcional da subvención mediante a aplicación do coeficiente de financiamento ao importe total dos gastos acreditados.
- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 50% do orzamento subvencionado, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha, sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador disposto nas normas de xeral aplicación.

En aplicación destes criterios, o informe emitido polo departamento xestor indicará o importe da subvención inicialmente concedida que proceda aboar á entidade beneficiaria.

11.5. Xustificación extemporánea

Vencidos os prazos e prórrogas sinalados nas bases sen que a entidade beneficiaria da subvención xustifícase o cumprimento da finalidade que motivou o seu outorgamento, a unidade xestora emitirá un requirimento para que, no prazo improrrogable de quince días, presente a xustificación correspondente. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas na Lei xeral de subvencións.

Para o cobro da subvención as entidades beneficiarias deberán ter ao corrente as súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Ames.

11.6. Pagamento

Regúlase o pagamento anticipado do 50% do importe da subvención concedida, en virtude do disposto no artigo 31.6 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, no momento en que se adopte a resolución de concesión das axudas.

Non será preciso que as entidades beneficiarias presente garantía en virtude do disposto no artigo 42.1 do Regulamento da citada lei, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

O pagamento do 50% restante farase efectivo unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos indicados nas bases reguladoras.

Logo do preceptivo informe de fiscalización do órgano interventor, ditarase a resolución de aprobación da conta xustificativa ou, se é o caso, de anulación e perda do dereito ao cobro, en cuxo caso deberá acordarse o inicio do procedemento de reintegro do 50% do pagamento anticipado.

Emitida resolución de pagamento, a tesourería preparará a orde de transferencia correspondente a prol da conta bancaria designada polo/a beneficiario/a.

No caso de non estar ao corrente nas súas obrigas coa Facenda Pública, Seguridade Social e Concello de Ames advertirase ao/á beneficiario/a de que non se procederá ao pagamento e concederáselle un prazo de 3 meses para xustificar que ten regularizada a súa situación.

De non achegar xustificación no indicado prazo declararase a perda do dereito á subvención outorgada e o reintegro do 50% anticipado.

BASE 12.- REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

As subvencións serán reintegradas nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003 de 17 de novembro.

No caso de que as entidades beneficiarias non xustifiquen o importe concedido deberá reintegrar o 50% da axuda anticipada, sen prexuízo do réxime sancionador que resulte aplicable.

BASE 13.- RÉXIME SANCIONADOR

O beneficiario/a quedará sometido ás responsabilidades e réxime sancionador disposto na Lei Xeral de Subvencións e, se é o caso, ao disposto no Código Penal.

Será de aplicación o réxime sancionador previsto no Título IV da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

No caso de incumprimento dos prazos de xustificación, se a dilación no cumprimento do prazo non excede dun mes, a sanción prevista na lei imponse no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada. Se excedese dun mes e non chegase a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20% do importe da subvención outorgada. E se a extemporaneidade da xustificación excedese de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo que suporá o 30% do importe da subvención.

BASE 14.- ÓRGANOS DE CONTROL DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS

As entidades beneficiarias de subvencións concedidas polo Concello quedarán obrigadas a someterse aos procedementos de controis ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas e calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo.

BASE 15.- CONTROL POSTERIOR POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL

O control posterior das subvencións concedidas axustarase ao que cada ano se recolla no Plan Anual de Control Financeiro aprobado polo órgano interventor.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.- PUBLICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS E INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS

Para os efectos da salvagarda do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos previstos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao rexistro público de subvencións, nos seguintes termos:

En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación dos beneficiarios/as serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, ca exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

Do mesmo xeito, e por aplicación do disposto no artigo 18 do RD 887/06, advírtese que o Concello de Ames publicará as subvencións concedidas, expresando na mesma o nome ou razón social do beneficiario/a, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e cantidade concedida.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS

O responsable do tratamento dos datos que consten no expediente de convocatoria destas axudas é o Concello de Ames. Os datos serán tratados coa finalidade específica, da convocatoria de axudas para promoción de comercio 2024 do Concello de Ames, de conformidade coa regulación establecida na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A lexitimación do tratamento está baseada no consentimento manifestado coa solicitude de participación nesta convocatoria de axudas.

O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento.

Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Ames poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do tratamento dos datos (Concello de Ames). Tamén poderán exercer os seus dereitos ante o Delegado de Protección de Datos do Concello no enderezo electrónico dpd@concellodeames.gal.

DISPOSICIÓN FINAL

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no seu Regulamento.

ANEXOS
CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA PROMOCIÓN DO COMERCIO NO CONCELLO DE AMES.
EXERCICIO 2024

ANEXO 1	SOLICITUDE
---------	-------------------

DATOS DO PRESIDENTE/A DA ENTIDADE:

Nome e apelidos da persoa que presenta a solicitude (Presidente/a da entidade)	
NIF	
Enderezo	
Municipio	
Teléfono	
Enderezo electrónico	

DATOS DA ENTIDADE

Nome da Entidade	
CIF	
Nº Rexistro Asociacións	

Tendo coñecemento da liña de axudas convocada polo Concello de Ames para a promoción de actividades realizadas por asociacións comerciais ou profesionais entre o 1 de novembro de 2023 e o 31 de outubro de 2024 e SOLICITO, ao abeiro desta convocatoria, a concesión dunha subvención para a realización das actividades indicadas a continuación:

ORZAMENTO ESTIMATIVO DE GASTOS

Descrición do gasto	CONTÍA TOTAL DO GASTO
1 promoción comercial	
2 infraestruturas e equipamento	
TOTAL	

O orzamento/custe da actuación que se presenta coa solicitude de subvención será o que deberá xustificarse na súa totalidade no caso de outorgarse a subvención)

OBXECTIVOS DAS ACTIVIDADES PARA AS QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN

Actividade	Obxectivos
1 promoción comercial	
2 infraestruturas e equipamento	

Ames,de de 2 0

Asdo. O/A Presidente/a da entidade

Nota 1. Xunto con este anexo, os solicitantes deberán achegar a documentación indicada na Base 8.4 da convocatoria.

Información relativa ao tratamento de datos persoais:

O responsable do tratamento dos datos de carácter persoal que poidan constar no expediente é o Concello de Ames. Os datos serán tratados coa finalidade específica das para a promoción do comercio no Concello de Ames, exercicio 2024, que se contén nas bases polas que se aproba a correspondente convocatoria, de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposicións de aplicación.

Conforme ao artigo 6 do Regulamento 2016/679, a lexitimación do tratamento está baseada nunha obriga legal e no interese público. O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento. Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Ames poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do tratamento dos datos (Concello de Ames). Tamén poderán exercer os seus dereitos ante o/a Delegado/a de Protección de Datos do Concello no enderezo electrónico dpp@concellodeames.gal.

**CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA PROMOCIÓN DO COMERCIO NO CONCELLO DE AMES.
EXERCICIO 2024**

ANEXO 2	DECLARACIÓN RESPONSABLE DO/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE
---------	--

Nome e apelidos da persoa que presenta a solicitude (Presidente da asociación)	
NIF	

Actuando en representación de (datos da entidade solicitante):

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
11/04/2024 94794F58078E1G456C017DD6EC026B3B160625F
11/04/2024 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO:
Secretaría
Alcalde

NOME:
PRADA QUEIPO, ROSA ANA
GARCIA PIÑERO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2899BDDBB187D2E4B87

Nome da Entidade	
CIF	

Aos efectos do previsto no artigo 69 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas, do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e do artigo 24 do Real decreto 887/06, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

En relación ao proxecto para o que se ten solicitado unha subvención do Concello de Ames ao abeiro da convocatoria sinalada no encabezamento deste documento, formulo a seguinte

DECLARACIÓN RESPONSABLE:

- Que a entidade representada por min está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non está incurso en ningunha outra causa que supoña ou poida supoñer obstáculo legal para o seu acceso á condición de beneficiaria dunha subvención ao abeiro da presente convocatoria, comprometéndose a manter esta situación ate a completa resolución do expediente.
- Que nin eu nin a entidade por min representada estamos incurso en ningunha circunstancia que impida o acceso á condición de beneficiario/a dunha subvención pública.
- Que non obstante o anterior, para a tramitación desta solicitude:

☐ AUTORIZO ao Concello de Ames para comprobar a veracidade da anterior declaración tanto na Axencia Estatal da Administración Tributaria como na Tesourería Xeral da Seguridade Social.

☐ NON AUTORIZO ao Concello de Ames para comprobar a veracidade da anterior declaración tanto na Axencia Estatal da Administración Tributaria como na Tesourería Xeral da Seguridade Social.

No caso de opoñerse á comprobación deberá achegar a documentación necesaria para a xestión do trámite.

- Que a entidade representada por min se somete ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Ames poida acordar para comprobar que as actuacións ás que se dedica a subvención, no caso de ser concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.
- Que a entidade representada por min está adherida ao Sistema Arbitral de Consumo marque cunha x o que proceda.

☐ **Non**

☐ **Si**

Así mesmo:

Ames,de de 20...

Asdo. O/A Presidente/a da entidade

Información relativa ao tratamento de datos persoais:

O responsable do tratamento dos datos de carácter persoal que poidan constar no expediente é o Concello de Ames. Os datos serán tratados coa finalidade específica das para a promoción do comercio no Concello de Ames, exercicio 2024, que se contén nas bases polas que se aproba a correspondente convocatoria, de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposicións de aplicación.

Conforme ao artigo 6 do Regulamento 2016/679, a lexitimación do tratamento está baseada nunha obriga legal e no interese público. O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento. Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Ames poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do tratamento dos datos (Concello de Ames). Tamén poderán exercer os seus dereitos ante o/a Delegado/a de Protección de Datos do Concello no enderezo electrónico dpd@concellodeames.gal.

DATA DE SINATURA: 11/04/2024
HASH DO CERTIFICADO: 94794F58078E1G456C0177DD6EC026B3B160625F
2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF01010C732

POSTO DE TRABAJO: Secretaría
Alcalde

NOME: PRADA QUEIPO, ROSA ANA
GARCIA PIÑERO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2899BDDBB187D2E4B87

**CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA PROMOCIÓN DO COMERCIO NO CONCELLO DE AMES.
EXERCICIO 2024**

ANEXO 3	CONTA XUSTIFICATIVA Exercicio 2024
---------	---

DATOS DO PRESIDENTE/A DA ENTIDADE:

Nome e apelidos da persoa que presenta a solicitude (Presidente/a da entidade)	
NIF	
Enderezo	
Municipio	
Teléfono	
Enderezo electrónico	

Actuando en representación representación:

DATOS DA ENTIDADE

Nome da Entidade	
CIF	

DECLARO:

- Que foron efectuadas as actividades financiadas coa subvención concedida polo Concello de Ames para a promoción de actividades levadas a cabo por asociacións comerciais ou profesionais, ao abeiro da convocatoria correspondente ao exercicio 2024, e que se acadaron os obxectivos propostos.
- Que os documentos presentados xunto coa conta xustificativa son orixinais polo que se responde da súa veracidade.
- Que, para as actividades subvencionadas, a relación de gastos e ingresos da entidade por min representada é a que se reproduce a continuación:
- Que, para as actividades subvencionadas, a relación de gastos e ingresos da asociación por min representada é a que se reproduce a continuación:

GASTOS EFECTUADOS**Liña 1: Promoción Comercial**

Expedidor da factura (CIF)	Nº factura	Data factura	Data pago	Concepto	Importe
TOTAL GASTOS					

No caso de gastos de persoal

Mensualidade	Terceiro	Importe bruto	Importe SS	Custe total empresa
---------------------	-----------------	----------------------	-------------------	----------------------------

		<i>nómina (A)</i>	<i>empresa (B)</i>	<i>(A+B)</i>
TOTAL	TOTAL	TOTAL	TOTAL	TOTAL

Liña 2.- Infraestruturas e equipamento

<i>Expedidor da factura (CIF)</i>	<i>Nº factura</i>	<i>Data factura</i>	<i>Data pago</i>	<i>Concepto</i>	<i>Importe</i>
TOTAL GASTOS					

Total Gastos efectuados (suma liña 1 e liña 2)	
---	--

INGRESOS QUE FINANCIARON A ACTIVIDADE

☐ A entidade non obtivo outros ingresos públicos nin privados para o mesmo obxecto que o subvencionado polo Concello de Ames

☐ A entidade obtivo as subvencións ou recursos que se inclúen na táboa seguinte para o mesmo obxecto que o subvencionado polo Concello de Ames:

Subvencións:	Importe
Concello de Ames	
Outras administracións	
Total	

Outros ingresos que financiaron a actividade:	Importe
Cotas de socio	
Outros (detallar)	
Total	

Total financiamento (Subvencións+Outros Ingresos)	
--	--

Nota 1. O importe do gasto total efectuado debe ser o custo íntegro do total da actuación e debe coincidir co importe especificado na cadro "Total financiamento" e tamén coa suma dos importes dos cadros de "Relación de gastos". Hai que reflectir tamén o importe da subvención do Concello de Ames, os fondos propios, e se se solicitaron ou obtido outras axudas para a mesma actividade, así como o seu importe.

Nota 2. Xunto con este anexo, os solicitantes deberán achegar a documentación indicada na Base 11.3 da convocatoria.

Ames,de de 2 0

Asdo. O/A Presidente/a da entidade

Información relativa ao tratamento de datos persoais:

O responsable do tratamento dos datos de carácter persoal que poidan constar no expediente é o Concello de Ames. Os datos serán tratados coa finalidade específica das subvencións para a promoción do comercio no Concello de Ames, exercicio 2024, que se contén nas bases polas que se aproba a correspondente convocatoria, de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposicións de aplicación.

Conforme ao artigo 6 do Regulamento 2016/679, a lexitimación do tratamento está baseada nunha obriga legal e no interese público. O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento. Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Ames poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do tratamento dos datos (Concello de Ames). Tamén poderán exercer os seus dereitos ante o/a Delegado/a de Protección de Datos do Concello no enderezo electrónico dpd@concellodeames.gal.

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do alcalde, en Ames, a 11.04.2024, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe

O alcalde

José Blas García Piñeiro

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo

DATA DE SINATURA: 11/04/2024
HASH DO CERTIFICADO: 94794F58078E1G456C017DD6EC026B3B160625F2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO: Secretaria
Alcalde

NOME: PRADA QUEIPO, ROSA ANA
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2899BDDBB187D2E4B87